

Extracto da convocatoria do Programa de subvencións para Asociacións de Empresarios e Comerciantes do Concello de Arteixo para o ano 2025.

1.- Bases reguladoras. A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras de Programa de subvencións para Asociacións de Empresarios e Comerciantes do Concello de Arteixo, publicadas no BOP A Coruña nº 200, de 24 de novembro de 2020.

2.- Crédito orzamentario. A contía destinada para o ano 2025 é de 70.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 241.48903.

3.- Obxecto. O obxecto destas bases é a concesión de axudas económicas ás asociacións de empresarios e comerciantes do municipio de Arteixo para impulsar accións de dinamización, programas de formación e actividades de promoción económica local.

4.- Procedemento. O procedemento para a concesión das subvencións previstas nesta convocatoria axustarase ao procedemento de concorrência competitiva de acordo co establecido nos art. 9. a) e 10 a) a Ordenanza Municipal núm. 26 de concesión de subvencións municipais; nos art. 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23, 24, 25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.

5.- Requisitos para solicitar a subvención. Poderán acollerse a esta convocatoria (apartado 5ª das bases reguladoras), as asociacións de empresarios e comerciantes, xuridicamente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Ter a sede social e o domicilio fiscal no Concello de Arteixo.
- Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica concedida polo Concello de Arteixo

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións
- Estar ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, co Concello de Arteixo e coa Tesourería da Seguridade Social.
- Non estar incursas nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións das administracións públicas previstas no art. 13 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro.
- Dado que a tramitación será telemática, a entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións, requirimentos e notificacións a través do representante designado na solicitude.

6.- Órganos competentes. O procedemento será instruído polo Departamento de Promoción Económica do Concello de Arteixo, que realizará cantas actuacións sexan necesarias segundo o art. 10 a) da Ordenanza municipal núm. 26 reguladora da concesión de subvencións municipais. O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo o art. 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación concordante.

7.- Prazo de presentación de solicitudes. O prazo de solicitudes será de 20 días naturais desde a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da BNDS, segundo o apartado 8 das Bases reguladoras.

8.- Prazo de resolución e notificación. Elaborada a proposta de concesión pola Comisión Avaliadora e fiscalizada pola Intervención Municipal, someterase a aprobación pola Xunta de Goberno Local. O acordo de concesión, deberá notificarse a todos os solicitantes de forma expresa no prazo de 10 días desde a data da resolución (art. 40.2 da LPACAP).

9.- Documentación (apartado 7 das bases reguladoras). A solicitude de subvención deberase presentar no modelo normalizado que figura

como anexo I a estas bases, no que se inclúe, entre outra, a seguinte información:

- Autorización para que o Concello de Arteixo poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social. No caso de que as entidades solicitantes se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no formulario de solicitude e achegar os devanditos documentos.
- Declaración orixinal de non estar incursas a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública previstas no art. 13 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro.
- Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Arteixo en toda a información que realice o desenvolvemento das actividades.
- Compromiso de solicitar polo menos tres ofertas de distintos provedores no caso de gastos superiores a 18.000 euros en actividades.

Esta solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da/s actividade/s, asinada polo representante legal e que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos: breve descrición da actividade, carácter periódico e permanente da mesma, ou seu calendario de realización ao longo do ano, orzamento de ingresos e gastos da actividade coa expresión do financiamento previsto e a axuda solicitada, responsables da actividade, e súa adecuación ao interese local, número de persoas beneficiadas directa ou indirectamente.
- Comunicación e solicitude de autorización ao Concello de Arteixo, se é o caso, para contratar con persoas ou entidades vinculadas coa entidade solicitante.
- Copia das tarxetas do CIF da entidade e do NIF do solicitante.

- Copia dos estatutos da entidade.
- Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade.
- Solicitud de pago anticipado con exoneración de constitución de garantía ou declaración de insuficiencia financeira para poder asumir os gastos de execución do proxecto (opcional)
- A documentación obrante no poder do Concello de Arteixo e que non sufrirá modificacións, poderá excluírse de presentar, se así se solicita.

10.- Posibilidade de reformulación da solicitude. Se o importe da subvención concedida é inferior ao solicitado, as subvencións reformularanse de forma automática, entendéndose deste xeito que o beneficiario estará comprometido a realizar a actividade subvencionada cun orzamento total que poderá ser reducido na mesma porcentaxe que se diminuíu o importe da subvención concedida (apartado 13 das bases reguladoras).

11.- Recursos procedentes contra a resolución do procedemento. Contra o acordo poderá formularse os recursos que procedan segundo os art. 123 e 124 da LPACAP.

12.- Criterios de valoración das solicitudes (apartado 10ª das bases reguladoras). Na avaliación dos proxectos presentados terase en conta os seguintes criterios, que se valorarán segundo a puntuación que se indica:

- Carácter periódico e permanente das actividades obxecto da subvención: 20 puntos
- Colaboración co concello no desenvolvemento de actividades de utilidade pública e interese social: 15 puntos
- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: 15 puntos
- Adecuación da actividade ao interese local: 20 puntos
- Número de beneficiados/as da subvención: 20 puntos
- Impacto positivo das actividades propostas para visibilidade da lingua galega: 10 puntos.

13.- Medio de notificación ou publicación. De acordo co art. 14 da LPACAP, notificarase electronicamente a resolución do procedemento ás entidades solicitantes.

14.- Prazo de presentación da conta xustificativa. A data límite para a presentación da conta xustificativa será o 30 de novembro de 2025, admitíndose actividades realizadas entre o 1 de decembro de 2024 e 30 de novembro de 2025. O acordo de aprobación da conta xustificativa e pago notificarase aos beneficiarios segundo o art. 40.2 da LPACAP.